

Resolución

Anulación do procedemento de selección de adquirentes de vivendas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, trala petición do seu propietario, con data 19 de novembro de 2014, esta xefatura territorial, acordou o inicio do proceso de selección dos adquirentes da vivenda de promoción pública que se cita de seguido:

Concello: Esgos

Número de vivendas: 1

1. Vivenda situada: Grupo Saramagal, bloque III, 2º F

Expediente: OR-83/020, conta: 20

Superficie útil: 65,82 m².

Tipoloxía: 3 dormitorios

Anexos vinculados. Garaxe: Non, Rocho: Si

Prezo: 40.075,40 euros

Sen embargo, dado que non teñen transcorrido cinco anos desde a data da súa adquisición por parte do adxudicatario que agora solicita a súa venda e, en consecuencia, non se cumpre un dos requisitos esixidos no artigo 8.1 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de vivenda de Galicia, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, esta xefatura territorial,

ACORDA

Suspender o procedemento de selección de adquirentes, en segundas ou posteriores transmisións, da vivenda de promoción pública descrita.

Ourense, 1 de decembro de 2014

A xefa territorial do IGVS

María Victoria Núñez López